

CUADRANTE



Dos escenificaciones desconocidas

El eco de la palabra (valleinclaniana)

"La rosa de papel" de Valle-Inclán e o "Orfeón Los Amigos": unha sociedade coral pontevedresa de finais do século XIX

Valle-Inclán frente a la gran guerra: una entrevista de Luis G. Urbina al escritor recién llegado de Francia

Dos Do Vale de Bares aos Del Valle-Inclán de Sobrám

El transitus perceptivo en "La lámpara maravillosa" de Valle-Inclán

Un conto de Valle-Inclán e os montes comunais galegos

Rumbos de "La pipa de kif"

Nº 23

Los Amigos
Valle-Inclán
Vilanova de Arousa



FUNDACIÓN
VALLE-INCLÁN



CUADRANTE



Revista de Estudos Valleinclanianos e Históricos

Editada pola
Asociación de Amigos de Valle-Inclán e a Fundación Valle-Inclán

Amigos
Valle-Inclán
Vilanova de Arousa



CUADRANTE

PRAZA VELLA, 9
VILANOVA DE AROUSA.
APARTADO DE CORREOS Nº 66
www.amigosdevalle.com

Decembro 2011

Director:

Francisco X. Charlín Pérez

Consello de Redacción:

Joaquín del Valle-Inclán Alsina

Margarita Santos Zas

Juan Antonio Hormigón

Xosé Luis Axeitos

Sandra Domínguez Carreiro

Ramón Martínez Paz

Xaquín Núñez Sabarís

Xosé Lois Vila Fariña

Ramón Torrado

Jesús Blanco García

Director Servicio de Publicacións:

Gonzalo Allegue

Xestión e administración:

Pablo Ventoso Padín

Ángel Varela Señorán

Deseño e maquetación:

Carlos Sánchez Crestar

Ilustracións suplementarias :

Marcela Santórum (ilustracións capa)

Eugenio de la Iglesia (encabezamento capítulos)

Imprime:

Imprenta Fidalgo, S.L.

Cambados (Pontevedra)

Dep. Legal: PO-4/2000

I.S.S.N.: 1698-3971

Cuadrante non manterá correspondencia sobre orixinais recibidos e non solicitados.

A responsabilidade das opinións vertidas pertence exclusivamente ós autores o mesmo que o respecto á propiedade intelectual, recaíndo sobre eles calquera acción xudicial no caso de producirse plaxio.

Sumario:

Juan Antonio Hormigón:

Dos escenificacións desconocidas páx. 5

Antonio Espejo Trenas:

El eco de la palabra (valleinclaniana) páx. 15

Fernando López-Acuña López:

“La rosa de papel” de Valle-Inclán e o “Orfeón Los Amigos”: unha sociedade coral pontevedresa de finais do século XIX páx. 31

Daria Alesi:

Valle-Inclán frente a la gran guerra: una entrevista de Luis G. Urbina al escritor recién llegado de Francia páx. 45

José-M^º Monterroso Devesa-Juega:

Dos Do Vale de Bares aos Del Valle-Inclán de Sobrám páx. 59

Enrique Prado:

El transitus perceptivo en “La lámpara maravillosa” de Valle-Inclán páx. 65

Francisco Xavier Charlín Pérez:

Un conto de Valle-Inclán e os montes comunais galegos páx. 115

Xosé María Álvarez Cáccamo:

Rumbos de “La pipa de kif” páx. 131



Esta revista ha recibido una ayuda de la Dirección General del Libro Archivos y Bibliotecas para su difusión en bibliotecas, centros culturales y universidades de España, para la totalidad de los números editados en el año 2011

CEDRO

La Editorial a los efectos previstos en el artículo 32.1 párrafo segundo del vigente TRLPI, se opone expresamente a que cualquiera de las páginas de *Cuadrante* o partes de ella sean utilizada para la realización de resúmenes de prensa. Cualquier acto de explotación de la totalidad o parte de las páginas de *Cuadrante* precisará de la oportuna autorización que será concedida por CEDRO mediante licencia dentro de los límites establecidos en ella.



“La rosa de papel” de Valle-Inclán e o “Orfeón Los Amigos”: unha sociedade coral pontevedresa de finais do século XIX.

Fernando López-Acuña López



No presente traballo, e como contribuíto aos estudos existentes sobre *La rosa de papel*, quero centrar a miña atención nunha referencia musical que aparece neste “melodrama para marionetas”¹, a do orfeón “Los Amigos”, sociedade coral da cal é membro o protagonista da obra, ‘Simeón Julepe’, cuxo desexo é que este participe e honre con solemnidade a ‘Floriana’, a súa muller, no maxestuoso enterro que el quere tributarlle.

Aínda que este aspecto xa foi estudado por Jesús Rubio Jiménez na edición crítica do *Retablo de la avaricia, la lujuria y la muerte* nunha extensa nota a rodapé corresponden-

te a *La rosa de papel*², estimo que os datos aquí ofrecidos proporcionánnos un novo enfoque a esta referencia, unha nova visión da obra, máis ligada a Galicia, máis localizada xeográfica e temporalmente, e máis vinculada ás vivencias de xuventude do escritor.

Xa a primeira didascalía do texto de *La rosa de papel* nos informa da condición de orfeonista de ‘Julepe’:

Lívidas luces de la mañana. Frío, lluvia, ventisquero.
En una encrucijada de caminos, la fragua de Simeón Julepe. Simeón alterna su oficio del yunque con los menesteres de orfeonista y barbero de difuntos: Pálido, tiznado, con tos de alcohólico y

¹ Esta obra publicouse por primeira vez, xunto con *La cabeza del Bautista*, e baixo o subtítulo de “novelas macabras”, no número 141, de 22 de marzo de 1924, en *La Novela Semanal*.

² Valle-Inclán, Ramón del, *Retablo de la avaricia, la lujuria y la muerte. Edición crítica de Jesús Rubio Jiménez*, Madrid, Espasa Calpe, 1996, pp. 240-242. Citarei por esta edición.

pelambre de anarquista, es orador en la taberna y el más fanático sectario del aguardiente de anís. [...] [LRP:195-196:1-6]

Esta simple alusión a ‘Julepe’ como membro dunha sociedade coral adquirirá un papel importante no desenlace da trama melodramática. ‘Julepe’ pertence ao *Orfeón Los Amigos* e polo tanto este debe render os máximos honores que ten establecidos na morte dos homes egrexios a esa heroína, a esa esposa exemplar que foi ‘Floriana’. Non esquezamos a transformación que se produce en ‘Simeón Julepe’ unha vez que sabe que ‘Floriana’ é posuidora de sete mil réas que garda cosidos en billetaxe de acento nun buruxo de trapos:

Entra, con un traspíés, Simeón Julepe: Metida por la cabeza, hasta los hombros, trae una corona de pensamientos y follaje de latón con brillos de luto, la corona menestral y petulante, de un sentimentalismo alemán. Julepe tiene la mona elocuente:

JULEPE: ¡Esposa ejemplar, te rendiré el último tributo en el cementerio! El Orfeón los Amigos te cantará la Marsellesa. Yo, con el alma traspasada, no desertaré de mi puesto. Tu espíritu, libre de este mundo donde tanto sufre el proletariado, merece que tu esposo inolvidable sacrifique en el acto fúnebre una mísera parte de tus sudores. ¡En los cuatro puntos cardinales, modelo de esposa, con patente! Tendrás los honores debidos, sin que te falte cosa ninguna. Tu inconsolable viudo te lo garantiza. El Orfeón los Amigos te ofrece la corona reservada a los socios de mérito. [LRP:239-242:619-633]

Depositada a coroa por ‘Simeón’ aos pés da defunta, despois de vulgar o efecto estético do feito [LRP:634-635:242 (Didascalia)], este continúa a súa prédica:

JULEPE: ¡Floriana, que tan angélica te contemplo con esa rosa en las manos! ¡Floriana, astro resplandeciente, estas caritativas mujeres muy maja te pusieron! Todos nuestros vecinos se conducen de mi viudez. El Orfeón los Amigos te ofrece esa corona de mérito. ¿Nada respondes? Inerte en la caja desoyes las rutinas de este mundo político. Me

sobrepongo a mi dolor y digo: ¡Solamente existe la nada! No asustarse, vecinos, es el credo moderno. [LRP:243:642-650]

Como xa adiantei nun traballo publicado no número anterior de *Cuadrante*³ ao estudar a ópera de Matteo D’Amico e Sandro Cappelletto *Patto di sangue*, baseada nos textos valleinclanescos *La rosa de papel* e *Ligazón*, neste artigo intentarei demostrar que o nome deste orfeón, a que pertence ‘Simeón Julepe’, non é unha invención literaria de Valle-Inclán, senón que se trata da rememoración que o escritor fai da *Sociedad Coral “Los Amigos”*, de Pontevedra, orfeón cuxa vida transcorre paralela aos anos en que Valle realiza os seus estudos en Pontevedra e en Compostela.

Cando escoitamos as palabras de ‘Simeón Julepe’, a personaxe central de *La rosa de papel*, referentes á condución do cadáver da finada de ‘Floriana’ ao camposanto coa participación do orfeón “*Los Amigos*” deseguida entendemos que o que este quere é que a súa muller teña un enterro –pois para el é merecido– semellante ao que tiñan dereito os grandes prohombres pontevedreses. Sen dúbida Ramón del Valle-Inclán sería sabedor, xa de forma directa ou indirecta, das grandes manifestacións de dó que colleitaran homes como Andrés Muruais, Indalecio Armesto ou o orfeonista de “*Los Amigos*”, o xornalista e poeta Albino Simán, perxonaxes todos próximos ao escritor galaico.


Perante a falta de estudos permenorizados sobre o coralismo en Galicia e, en concreto, sobre o orfeonismo pontevedrés a que remitir, acho oportuno ofrecer unhas

³ Vid. López-Acuña López, Fernando, “A obra de valle-Inclán como fonte de inspiración musical. Papeletas para un catálogo de compositores. V”, *Cuadrante, Revista de Estudios Valleinclanianos e Históricos*, 2011, xuño, nº 22, pp. 124-125.

breves notas sobre a historia do orfeón, coa esperanza de que sexan de interese, por descoñecidas, para o estudioso da obra do gran escritor galego en lingua española. Un orfeón que fortemente enraizado na cidade de Pontevedra desde a súa creación (entre novembro de 1882 e xaneiro de 1883), chegou ser unha das máis importantes sociedades corais de Galicia e que, unido ao movemento progresista da cidade, fora fundado a iniciativas do fervente defensor do republicanismo federal Andrés Muruais Rodríguez, home moi próximo ao pai do futuro escritor, baixo a dirección de Román Pintos Amado⁴.

O seu irmán Jesús Muruais terá un importante papel orientador nos primeiros anos do escritor, e as lecturas efectuadas por Valle-Inclán na súa gran biblioteca da "Casa del Arco"⁵ deixarán unha forte pegada nas súas primeiras obras.

Na tertulia de Jesús Muruais, a que Valle asiste posiblemente desde mediados de 1888, é de supoñer que a imaxe de Andrés, que falecera en 1882, así como o éxito dos



Andrés Muruais

orfeóns pontevedreses e en especial o de "Los Amigos" fosen tema recorrente nas conversas, máxime tendo en conta que estas sociedades corais en Galicia, ademais de seren tidas como elementos de dignificación das clases sociais menos favorecidas a través da cultura e da arte, considerábase que podían ter un importante papel na reivindicación do noso idioma e da nosa música, feito que moi cedo comprenderan o escritor Francisco María de la Iglesia e o seu íntimo amigo o músico Pascual Veiga⁶, así como outros intelectuais como Gumersindo Laverde Ruiz de quen citamos —e só por pór un exemplo ilustrativo do dito—, unha carta a Manuel Murguía, datada en Santiago o 18 de marzo de 1879, neste senso, da cal tiramos estes parágrafos:

Como U. habrá notado, empiezan a generalizarse en Galicia los *orfeones*, o sociedades corales, que tanto han contribuido a la educación artística del pueblo en Cataluña, Alemania y otras partes. Hasta nuestro cardenal Arzobispo proyecta establecer una en su seminario. Con esto, si se realiza, llegará un día en que el culto sea, cuanto a la parte musical, más digno y bello en nuestras aldeas, en cuyas misas y procesiones tanto desentonan ahora los cantores. U., que tan bien siente estas cosas, podría dedicar un artículo a exponer la importancia de los orfeones y a trazar el rumbo que deben seguir y la parte que deben dar en sus cantos al dialecto y melodías del país, que en mi concepto convendría que fuese grande. Yo quisiera ver extendidas estas sociedades hasta las últimas aldeas, a lo que podrían contribuir mucho el clero y los maestros si recibiesen ense-

⁴ Román Pintos Amado (Pontevedra, 6-10-1858—Pontevedra, 9-6-1928) foi violinista, director de agrupacións musicais e compositor. Era fillo do escritor Xoán Manuel Pintos Villar e sobriño do tamén escritor e xornalista Xosé Bieito Amado (seudónimo, "Juan de Lérez"). Foi académico correspondente da Real Academia Galega, institución en que están depositadas algunhas papeletas lexicográficas por el recompiladas.

⁵ Cf. Lavaud, Jaen-Marie, "Una biblioteca pontevedresa a finales del siglo XIX (De J. Muruais hacia Valle-Inclán)", en *El Museo de Pontevedra*, Pontevedra, t. XXIX, 1975, pp. 409-438.

⁶ Vid. F. L[ópez]-A[uña] L[ópez], "Veiga Iglesias, Pascual", en *Gran Enciclopedia Gallega*, 1977, vol. 30, pp. 9-11.

ñanza adecuada al efecto, cosa no difícil con los elementos que hay en las catedrales, etc.⁷

O movemento orfeónico en Galicia, que ten na figura de Pascual Veiga o seu máximo propagador, chega a Pontevedra coa fundación do Orfeón Pontevedrés, que fai a súa estrea no teatro da capital o domingo 20 de abril de 1879, grazas á constancia e entusiasmo de Andrés Muruais⁸. No espazo temporal que vai entre a chegada de Valle-Inclán á cidade para iniciar os seus estudos de bacharelato no curso 1877-1878 e a súa marcha a Madrid, creáranse na capital da provincia varios orfeóns: *Infantil H.*, o *Obrero*, *El Crepúsculo*, o orfeón *Sociedad Coral “Los Amigos”*, *Orfeón Helenes*, ou o orfeón *Los Trovadores*, xa en 1891. Valle-Inclán será, pois, testemuña do primeiro agromar do orfeonismo pontevedrés.

En agosto de 1880 ten lugar en Pontevedra o primeiro certame literario e musical organizado pola recentemente creada “Sociedad de los Juegos Florales”, entidade que, se ben o seu fin é principalmente literario, deberá, segundo os estatutos, ofrecer un premio a unha composición musical. O día 12 celébrase o concurso de orfeóns, participando os máis importantes de Galicia: o *Lucense*, o *Coruñés* e o *Brigantino*, da Coruña, e o *Pontevedrés*, iniciándose, así, nesta cidade, os certames literario-musicais, que constituirán un dos grandes atractivos das festas pontevedresas, polo que podemos supor que un home da cultura de Ramón Valle Bermúdez acadise, quizais acompañado pola súa familia, a estes actos⁹.

⁷ Barreiro Fernández, X. R. / Axeitos, X. L. (eds.): *Cartas a Murguía II (1868-1885)*. Edición, introdución e notas de ..., A Coruña, Real Academia Galega – Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2005, pp. 308-309.

⁸ Cf. *La Ilustración Gallega y Asturiana*, Madrid, 10-5-1879, núm. 13, p. 155.

⁹ Por ser significativo na historia política de Galicia, na súa etapa rexionalista, reseñamos que un dos pre-

Por outro lado, convén repetir que Andrés Muruais tivo unha profunda amizade con Ramón del Valle Bermúdez¹⁰, pai dos Valle, polo que non é de estrañar que no ambiente familiar se falase decote dos Muruais e das súas realizacións, entre elas da importancia dos orfeóns pontevedreses. Tras a temperá morte de Andrés en 1882, Valle Bermúdez vai participar na homenaxe que a través da *Corona fúnebre á la memoria del llorado poeta gallego Andrés Muruais (30 noviembre 1851.- 21 octubre 1882)* se lle tributa, publicación en que colaboran os mellores escritores do país, en galego e castelán, e para a que escribe a seguinte composición poética, derradeira da homenaxe, que remata o volume e que mostra os lazos afectivos que unían os dous literatos:

*Á la memoria
de mi querido amigo
Andrés Muruais.*

Adios para siempre

¡Adios...! Tu no eras quien partir debía
Primero de los dos,
Caro amigo, tan dulce al alma mía...

mios do certame literario, que será gañado por Andrés Muruais, é para un “Himno a Galicia en dialecto del país”, texto que segundo as bases servirá de tema para o premio de composición que se celebrase no próximo concurso, o de 1884, e ten como gañador ao músico noiés Felipe Paz Carbajal, feito que ven demostrar o interese que os convocantes tiñan por dotar a Galicia dun canto patrio. Sobre este tema vid. Ferreiro, Manuel / López-Acuña, Fernando, “O himno. Historia, texto e música”, en Barreiro, Xosé Ramón / Villares, Ramón: *Os símbolos de Galicia*. Ed. ao coidado de..., Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Real Academia Galega, 2007, pp. 108-111.

¹⁰ Vid. Durán, José Antonio, *Hestoria e lenda dos Muruais*, Madrid, 2004. Sobre as relacións de entre os Valle e os Muruais léase en especial o capítulo 5, apartado 3: “Ritos funerarios (Dos Muruais a Valle-Inclán)”, pp. 195-212.

¡Ah! Para siempre adios...!
 La muerte, despiadada en sus enojos,
 Que tu vida extinguió,
 Arrebatarte pudo ante mis ojos;
 De mi memoria, nó.
 Nó: que la muerte á destruir no alcanza
 Del alma la ilusión;
 Lo que sobrevivendo á la esperanza
 Queda en el corazón.
 Que eternamente, el pecho que en santuario
 Convirtió nuestra fé,
 Guarda como el sepulcro solitario
 Algo de lo que fué.
 Y ese algo vago, inescrutable, intenso,
 Que de tí nos quedó
 Como queda el perfume del incienso
 Que el fuego consumió;
 Es la luz, la fragancia, la armonía,
 Que vagan por do quier
 En las alas del número que algun día
 Ha animado tu sér.
 Es la consagración de la memoria
 Á tu cariño leal:
 Que en el afecto, así como en la gloria,
 Hay algo de inmortal.
 ¡Adios! ¡Ay! Tu recuerdo, si implacable
 No me ahoga el pesar,
 Será para mí un culto perdurable
 Y el corazón su altar.

RAMÓN DEL VALLE
*Villanueva, 1883*¹¹.

Este poema será plaxiado nove anos máis tarde por Ramón M.^a del Valle-Inclán e publicado baixo o título de "A una mujer ausente por la muerte" en *El Correo Español* (México) de 8 de maio de 1892¹², texto que se reproduce para o seu confronto co orixinal:

A una mujer ausente por la muerte

(Inédito)

TÚ NO eras no, la que partir debía


¹¹ *Corona fúnebre á la memoria del llorado poeta gallego Andrés Muruais (30 noviembre 1851.- 21 octubre 1882)*, Pontevedra, Imp. de J. Millán, 1883, pp. 85-86.

¹² O poema, asinado por "Valle-Inclán", foi repro-

Primero de los dos,
 Cara amiga tan dulce al alma mía
 ¡Ah! ¡para siempre adiós!

La muerte despiadada en sus enojos
 Que tu vida extinguió,
 Arrebatarte pudo ante mis ojos,
 De mi memoria no.

No; que la muerte a destruir no alcanza
 Del alma la ilusión;



ducido por William L. Fichter en *Publicaciones periodísticas de don Ramón del Valle-Inclán anteriores a 1895*, México, El Colegio de México, 1952, pp. 94-95. Fichter, que non detectou o plaxio, escribe no "Estudio preliminar" da edición, o seguinte comentario sobre esta poesía, na cal Valle-Inclán só fai pequenas modificacións á escrita polo seu pai, para a adaptar a nova situación: "Sin embargo, en esta época no llegó a publicar, que sepamos, más que una sola poesía, que es la que con el título de A una mujer ausente por la muerte apareció en el mencionado periódico, El Correo Español, el 8 de mayo de 1892. Esta poesía 'inédita' (así llamada en el subtítulo) no es, hay que confesarlo, nada original, teniendo, como se echa de ver en seguida, un corte marcadamente becqueriano, tanto en la forma como en el tono. ¿Quién sabe si el mismo Valle-Inclán no se daría cuenta de su falta de originalidad como poeta y decidiría por consiguiente no seguir publicando más

Lo que sobrevivendo a la esperanza
Vive en el corazón.

Eternamente, el pecho que en santuario
Convirtió nuestra fe,
Guarda como en sepulcro solitario,
Algo de lo que fué.

Y ese algo vago, inescrutable,¹³ intenso
Que de ti me quedó,
Como queda el perfume del incienso
Que el fuego consumió,

Es la luz, la fragancia, la armonía,
Que vagan por doquier,
En alas del espíritu que un día
Animaba tu ser.

Es la consagración de mi memoria,
A tu cariño leal;
Que en el amor así como en la gloria
Hay algo de inmortal.

VALLE-INCLÁN¹⁴

Andrés Muruais Rodríguez, que “poseía sobresalientes condiciones de poeta castellano, y que hubiera llegado á obtener un puesto distinguido en el Teatro –segundo palabras de Alfredo Vicenti–, consagróse pronto y con afán exclusivo al dialecto¹⁵, instintivamente convencido de que la lengua propia es el mejor baluarte y el único remedio para un país moribundo”,¹⁶ foi un poeta costumista e de gran enxeño, e o seu

versos en los periódicos? De todos modos, es ésta la única poesía suya que hemos encontrado en nuestra búsqueda de escritos suyos anteriores a *Femeninas*” (p. 18). O plaxio foi sinalado por Jaen-Marie Lavaud, *art. cit.*, p. 438, nota 44.

¹³ No texto orixinal “inexcrutable”. Corrección de Fichter.

¹⁴ Cf. Fichter, William L., *op. cit.* pp. 94-95.

¹⁵ Lembremos que “dialecto” significa, na terminoloxía da época, lingua non oficial.

¹⁶ Alfredo Vicenti, “Prólogo” en *Corona fúnebre á la memoria del llorado poeta gallego Andrés Muruais*, Pontevedra, 1883, p. XXVIII.

romance “O bautizo”¹⁷ serviulle a Valle-Inclán de fonte para a realización da xornada III, escena 6 de *Águila de blasón*¹⁸.

A morte de Andrés Muruais o 21 de outubro de 1882, é reflectida practicamente por toda a prensa galega da época, onde se enxalzan as súas virtudes como médico, como escritor festivo e xornalista, o seu compromiso social coa humilde clase obreira, así como o político, como mantedor dun sistema republicano federal, ámbito en que fundou comités e dirixiu un importante partido na cidade de Pontevedra, non –como deixou dito Alfredo Vicenti – porque lle preocupasen os futuros destinos de España nin por devoción ás teorías de D. Francisco Pí, senón a impulsos daquel nobre egoísmo innato, por aquela paixón por excelencia que para el era Galicia, por cuxa virtude tiña a República Federal tantos partidarios galegos, desde o principio ata o fin do período revolucionario.

No seu enterro, que segundo algún xornal convocou a máis de dez mil persoas, os obreiros, artesáns e os orfeóns por el fundados rendéronlle o seu derradeiro tributo, e como debería ocorrer no enterro da ‘Floriana’, a xa viúva de ‘Simeón Julepe’, as coroas ofrecidas polo “proletariado” como testemuño de admiración e agradecemento ocuparán un posto destacado na comitiva:

(...) El depósito de su cadáver se ha verificado con toda pompa; las humildes clases artesanas han dejado sobre el féretro hermosas coronas; los individuos del Orfeon con un lazo negro en el brazo izquierdo, precedían al ataúd¹⁹.

(...) Llegadas, dice [*El Anunciador*, de Pontevedra], las

¹⁷ Iglesia, Antonio de la, *El idioma gallego*, A Coruña, 1886, tomo I, pp. 53-57.

¹⁸ Vid. Carballo Calero, Ricardo, *Historia da literatura galega contemporánea*, Vigo, Galaxia, 1975, 2ª ed., p. 458.

¹⁹ Cf. *La Voz de Galicia*, A Coruña, 26-10-82, p. 1.

parroquias, se pusieron en marcha ininidad de pobres y asilados en la Casa de Beneficencia, artesanos, amigos del finado, individuos del Orfeón Obrero, vestidos de negro y con lazos en el brazo en señal de luto, y comisiones de Catoira y Sangenjo, con hachas encendidas en la mano.

Iba después el ataúd, en hombros de algunos artesanos, con el birrete y mucheta de licenciado en medicina, en su parte superior, y una hermosa corona con grandes cintas blancas (...).

Por el tránsito, como ya hemos dicho, se agolpaba la multitud, y á pesar del mal estado de los caminos, fueron acompañándolo hasta su última morada muchísimos amigos del malogrado joven. Allí se repartieron con profusión poesías que le dedicaban la redacción de *El Anunciador*, el Orfeón Obrero, el Orfeón Pontevedrés, varios amigos, y se publicó un número de *El Independiente*, consagrado á la sentida muerte del que fué su director²⁰.

No prólogo ou introducción biográfica da xa citada *Corona fúnebre*, escrita polo seu amigo e correligionario Alfredo Vicenti baixo o título de "Andrés Muruais", achamos as primeiras mencións ao *Orfeón Los Amigos*:

De tal suerte, con su fortaleza indomable y su liberalidad inextinguible, supo captarse en Santiago y Pontevedra, mejor dicho en Galicia toda, el amor de trabajadores y pobres, de quienes fué pronto consejero y protector nato, y á cuya fraternal adhesion correspondió hasta la muerte con bondadosa temura.

Acabándose estaba, y los médicos habian mandado desalojar la alcoba. — "Paciencia, y no dejes pasar á nadie", dijo á su hermano Jesús, el pobre enfermo, pero arrepintiéndose enseguida, añadió: — "Salvo si viene algun artesano". Y no hubo mas remedio que abrir la puerta á los individuos del *Orfeón Obrero* y *Pontevedrés*, bautizado por el moribundo con el nombre de *Los Amigos*²¹.

Aun hoy, los alumnos de vigésimo año, los viejos *zorros* y *casas musgosas* de Fonseca, al ver como privan los petrómetros almibarados, al paso que van de capa caída (en la doble acepción de la palabra) las pretéritas costumbres, invocan el nombre de Muruais y exclaman con honda melancolía: "¡ay, si viviera!"

²⁰ Cf. *El Eco de Galicia*, Habana, 10-12-82, p. 6.

²¹ Alfredo Vicente, "Andrés Muruais" [apuntamentos biográficos] en *Corona fúnebre ...*, op. cit., p. XXII.

Otro tanto acontece á los artesanos, particularmente á los de Pontevedra, organizados por él en clubs políticos, sociedades cooperativas y orfeones.

Pocos días há, el que esto escribe, lleno de dulce emocion, oyó en Vigo á varios miembros de la Coral *Los Amigos*, que salían de un Certámen, una frase elocuente y afectuosa como ninguna.

— "Si D. Andrés viviera, con más justicia se nos hubiera tratado!"²²

As desavinzas entre o elemento orfeónico do *Orfeón Pontevedrés* e a necesidade de conseguir a harmonía entre os seus membros debeu ser o que Andrés intentou facer nas seus derradeiros días tratando de fundar esta nova masa coral co nome de "*Los Amigos*". Xa morto, a Sociedad de Juegos Florales, de que fora socio fundador, acorda a finais de outubro dese ano convocar un certame de orfeóns:

La sociedad de juegos florales de Pontevedra en su última reunión, celebrada el jueves pasado, acordó que para el primer certámen literario que tenga lugar en aquella ciudad, se consigne un premio "Muruais" en recuerdo y como tributo á la memoria del que tan entusiasta ha sido por estas honrosas juntas de la inteligencia y el talento. Asi mismo [sic] acordó, en vista de que los individuos que constituían el orfeón pontevedrés se hallan diseminados en los que con posterioridad se crearon en dicha ciudad, llamar á todos á un público certámen, y dar como premio los 1.000 reales que en otra sesión se habían destinado al referido orfeón²³.

Un dos participantes no certame, que ten lugar o 26 de xaneiro de 1883, é, como temos constatado, o *Orfeón Los Amigos*, feito que nos permite situar a creación desta sociedade coral entre os últimos meses de 1882 e os primeiros días de 1883²⁴:

²² *Ibid.*, p. XXIV.

²³ Cf. *La Voz de Galicia*, A Coruña, 3-11-1882, p. 1

²⁴ Moita da prensa da época confunde, ao facer as reseñas dos actos, esta nova sociedade coral co antigo *Orfeón Pontevedrés*, a que moitos dos seus membros pertenceron.

En Pontevedra se verificó el anunciado *Certámen-concierto*, dando principio con una brillante sinfonía en la que tomaron parte los distinguidos profesores Sres. Courtier, Lizarralde, Sobrino, Dorado y Pintos.

Los orfeones, *Los Amigos y Obrero*, fueron muy aplaudidos en la ejecución de las tres piezas que cantaron cada uno; pero según nuestro apreciable colega de aquella localidad, *El Anunciador*, á petición de ambas sociedades corales ninguno obtuvo el premio; manifestándolo así al terminarse la velada D. Federico Saiz. Esta determinación, como es natural, causó no poca estrañeza en el auditorio²⁵.

A partir desta actuación, serán frecuentes as aparicións públicas de “*Los Amigos*”, na cidade²⁶, así como a súa participación en diversos certames musicais que se celebran en Galicia.

A súa primeira asistencia a un concurso foi ao convocado polo Liceo Artístico, de Vigo, que baixo a presidencia de Tamberlick ten lugar o 7 de agosto de 1883 —asiste Castelar, presidente do xurado literario—, no cal participan *El Eco*, da Coruña, dirixido por Pascual Veiga; “*Los Amigos*” de Pontevedra, por Román Pintos, e o *Orfeón Paz*, de Vilagarcía, dirixido por Felipe Paz. O número de coralistas era, respectivamente, de 34, 24

²⁵ *Liceo Brigantino. Eco de las Secciones de Literatura, Ciencias, Música y Declamación*, [A Coruña], 10 de febrero de 1883. Año II, núm. 20, p. 8.

²⁶ A modo de exemplo da actividade de “*Los Amigos*”, reseñamos algúns dos actos nos que participou no primeiro ano da súa fundación: o 20 de febreiro na función dada pola célebre “*Troupe portuguesa*” no teatro (*La Voz de Galicia*, A Coruña, 22-2-1883, p. 1). No Casino, no beneficio do Sr. Céspedes, cantará, entre una mazurca do seu director Román Pintos Amado, unha alborada de Varela Silvari e *El Amanecer*, de Eslava (*La Voz de Galicia*, A Coruña, 31-5-1883, p. 1). O martes 10 de xullo chega Zorrilla a Pontevedra acompañado polo sexteto do Teatro Real de Madrid, sendo agasallado polo orfeón cunha serenata (*La Voz de Galicia*, A Coruña 13-7-1883, p. 2). Serenata ao Sr. Hernando, profesor do Conservatorio de Madrid que se atopa en Pontevedra (*La Voz de Galicia*, 25-7-1883, p. 2). Con motivo da estancia do Duque de la Torre —di *El Anun-*

e 28 executantes²⁷. O xurado decide crear dous primeiros premios para os orfeóns da Coruña e de Pontevedra, concedéndolle un accésit ao de Vilagarcía. Ante a falta dun precioso “estandarte”, premio sinalado para o gañador, a comisión organizadora do certame acorda facerlle entrega do mesmo a *El Eco* da Coruña, comprometéndose a entregar oportunamente outro de iguais características ao *Orfeón Los Amigos*. Este feito non é moi ben aceptado polos pontevedres, o que levaría a dicir a algún dos seus membros na saída do certame aquela frase elocuente e afectuosa que escoitou Vicenti, citada anteriormente: —*Si D. Andrés viviera, con más justicia se nos hubiera tratado!*

Un novo éxito consegue ao seguinte ano no certame musical convocado pola redacción de *El Ciclón* para conmemorar o Centenario de la Sociedad de Amigos del País, de Santiago, o 23 de xullo de 1884. “*Los Amigos*” de Pontevedra obtén o primeiro premio. *El Eco*, da Coruña, o accésit.

Los Orfeones fueron también sorteados y por el orden consiguiente se presentaron en escena. La lucha fue vigorosa, terrible, empeñadísima: *El Eco* de la Coruña canto el Amanecer con una dulzura, una gracia, un sentimiento exquisitos; el *Pontevedrés* no lo hizo mal; pero desafinó alguna vez, quizá por descuido; *Los Amigos* hicieron prodigios, aquel esmero, aquella afinación superlativa, aquella vocalización tan clara y elegante, le atrajeron las simpatías del público ilustrado que les colmó de aplausos hasta el punto que el Presidente señor Braña Muiños hubo de agitar la campanilla por

ciador de Pontevedra— este será obsequiado con outra serenata en que participarán a banda do Hospicio, a orquestra de Pintos e o orfeón “*Los Amigos*” (*La Voz de Galicia*, 7-9-1883, p. 1). Poucos días despois unha comisión do orfeón ofreceu a dona Peregrina Rodríguez, nai do malgrado poeta, o título de socia de mérito (*La Voz de Galicia*, 28-9-1883, p. 1).

²⁷ Cf. *La Voz de Galicia*, A Coruña, 10-8-1883, p. 1.

diferentes veces para llamar al orden²⁸.

Rematado o certame, o *Orfeón Los Amigos* visita a Rodríguez Seoane, a quen fixera socio de mérito, levando os estandartes gañados nas cidades da oliva e do apóstolo. Regresa a Pontevedra onde é aclamado con gran entusiasmo. O xa rapaz Ramón Valle de la Peña, temos que pensar, sería testemuña destes feitos ou, cando menos, na casa fala-ríase do triunfo:

Gran regocijo causó en Pontevedra la noticia de haberse otorgado al orfeón de aquella ciudad el premio en el certámen.

Una multitud inmensa acompañada de una banda de música salió a recibir á los jóvenes orfeonistas, á cuya llegada á Pontevedra se dispararon cohetes de palenque²⁹.

O Orfeón participa activamente na vida cultural pontevedresa e a visita dos Reis a Pontevedra sírvenos novamente para ver a base social dos seus membros formada por traballadores:

S.M. el rey remontó el río embarcado en el muelle del puente de piedra denominado El Burgo³⁰ y aceptando la canoa titulada *La Reina*, propiedad de este alcalde, y que es notable por sus condiciones maríneas.

Marchaban tras esta embarcación infinidad de botes, llevando a bordo numerosas damas y la música del Hospicio.

En una de las mesetas que forman las orillas del Lerez se ofreció al rey un delicado *lunch*, durante el cual ejecutó el orfeón *Los Amigos* una gallegada y la *Aurora*, de Reventós.

S. M., encantado de la delicadeza y arte con que cantó el orfeón, se dirigió á su director, que es el joven artista Sr. Pintos y le hizo repetidas preguntas sobre la organización de dicha sociedad coral.

El Sr. Pintos le manifestó que ningún orfeonista sabía música y que eran todos obreros ó empleados. El

²⁸ Cf. *El Correo Gallego*, Ferrol, 29-7-84. Reproduce información do xornal santiagués *El Libredón*.

²⁹ Cf. *La Voz de Galicia*, 29-07-1884, p. 2.

³⁰ No orixinal, El Biergo.

rey les saludó, alabándoles y estimulándoles; sus frases fueron acogidas con vivas³¹.

O día primeiro de novembro o *Orfeón Pontevedrés* depositaba "sobre la tumba del malogrado poeta Andrés Muruais una sencilla y elegante corona"³², homenaxe que desde a súa fundación realizará, como relata o historiador José Antonio Durán, o orfeón "*Los Amigos*":

No día da visita ós Cemiterios, tan observado en Pontevedra os integrantes do Orfeón aliñábanse ante a tumba (convertida de pronto en brillante monumento funerario, alzado en honra de Andrés Muruais, co busto deste, pagado polos pontevedreses). Despois de cantar un miserere, ensaiado expresamente para a ocasión, remataban con Marsellesa. O himno revolucionario, asumido polo internacionalismo proletario que Andrés axudara a crear en Pontevedra³³.

Tamén a 'Juliana' de *La rosa de papel* fora *¡Una heroína de las primeras!* [LRP: 203:98], como o fora Muruais; polo tanto 'Simeón Julepe', o aflixido esposo, coa alma traspasada, pódelle dicir a defunta: *¡Esposa ejemplar!, te rendiré el último tributo en el cementerio! El Orfeón los Amigos te cantará la Marsellesa* [LRP:240: 624-625].

En agosto de 1886 reorganizase o orfeón coa fusión do orfeón *Pontevedrés*, nomeándose unha directiva interina³⁴ baixo a denominación de *Sociedad Coral "Los Amigos"*, cun novo regulamento³⁵. O renovado orfeón, con 54 membros, estará dirixido por Román

³¹ Cf. *La Correspondencia de España*, Madrid, Edición de la tarde, 31-8-1884, p. 1.

³² Cf. *La Voz de Galicia*, 6-11-1883, p. 1.

³³ Durán, José Antonio, *op. cit.*, p. 211.

³⁴ Para coñecer o nome dos membros da directiva vid. *El Lucense*, 28-8-1886, p. 2.

³⁵ *Reglamento de la Sociedad Coral "Los Amigos"*. Pontevedra, Establecimiento tipográfico-comercial de la Viuda de Madrigal e Hijos, 1886 (16 pp.).

Pintos. A este ano corresponde o documento gráfico do orfeón que acompaña a este texto³⁶. A finais de agosto nomea presidente honorario ao deputado Eduardo Vicenti.

Participa no certame literario-musical celebrado en Ourense co gallo da colocación da estatua do P. Feijóo o 11 de setembro de 1887. O *Orfeón Unión Orensana* leva o primeiro premio, correspondéndolle ao laureado “*Los Amigos*”, agora dirixido por Juan Serrano e presidido polo poeta e xornalista Renato Ulloa, amigo dos Valle, o segundo posto.

Como xa fica dito, calquera acto de relevancia que ocorra en Pontevedra, contará coa participación da masa coral. Así, nos meses de agosto e setembro de 1888, asistirá, novamente dirixido por Pintos, á xira polo Lérez organizada en honor de Echegaray ou ás serenatas a Cristino Martos, presidente do Congreso, no seu paso por Pontevedra de camiño a Lourizán.

A mediados de setembro de 1889 o orfeón, acompañado dos xornalistas de Pontevedra e de varios entusiastas sae de xira ao Porto, onde actúa no Teatro Príncipe Real;

³⁶ Acompañando o seu director aparecen os orfeonistas Rogelio Lamas, Miguel Simán, Isidro Puga, Pedro Acuña, Baldomero Paz, Salvador Martínez, Víctor González, Albino Simán, Miguel Fariña, Sebastián del Río, Alfredo Prego, Aurelio Silva, Alfredo Urrabieta, José Sánchez el Lerezano, Diego Estévez, Jesús Abeigón, Luchini, José Cabezas, Manolo Camposo, Felipe Cons, Constantino Lorenzo e outros. Posteriormente figuraron Mercadillo, Torres, Ruisuárez, Boulosa, Juncal, Adolfo Mosquera, Tobío, Mora, Alvaro Sánchez, Ramón Dios, Hevia, Mourinho, Méndez, Mariano García, Cándido Dios e moitos máis.

á súa chegada a Pontevedra, e na primeira xunta celebrada, é nomeada socia de mérito a señora Marquesa de Lumbrales do Porto polas deferencias con eles tidas. Participa tamén no certame de Tui, que ten lugar os días 15 de abril de 1890, e novamente obterá o segundo posto; o primeiro corresponderíalle ao orfeón *La Oliva*, de Vigo.

O 11 de xullo de 1890 ten lugar o enterro do xornalista Albino Simán do *Diario de Pontevedra* e orfeonista³⁷ de “*Los Amigos*”, o que dá motivo para que o orfeón participe activamente na condución do cadáver ao camposanto, con todo o aparato que quería ‘Simeón Julepe’ para ‘Floriana’, onde non pode faltar a coroa de pensamentos morados, que recorda a que para o acto fúnebre mercara Julepe: “*Metida por la cabeza, hasta los hombros, trae una corona de pensamientos y*

follaje de latón con brillos de luto” [LRP: 239-240: 619-620]. No enterro de Simán, unha das fitas que pendían do cadaleito foi sostida por Carlos Valle. Non pode descartarse que o seu irmán Ramón del Valle-Inclán asistise ao acto:

El entierro de nuestro compañero en la prensa D. Albino Siman fue un acontecimiento de luto para Pontevedra.

Formaban en dos filas, y conduciendo cirios encendidos rompían la marcha todos los individuos que componen la sociedad coral *Los Amigos* á la que pertenecía el finado.

Sobre el fondo negro del ataúd se veían dos lindísimas

³⁷ Albino Simán é, como xa se dixo, un dos orfeonistas que aparecen na fotografía de 1886 que se reproduce.



coronas; una de ella de pensamientos morados recuerdo de sus amigos y la otra del orfeón con la siguiente dedicatoria "*Los Amigos á su inolvidable compañero*".

Del féretro pendían seis cintas que llevaban los señores Fernández Soler, Rivera, Millan, Ulloa, Valle y Portela.

El duelo lo presidían los Sres. García Camba, Pardo y Rector de San Bartolomé, á quienes seguían numerosos amigos del finado; y cerraba el fúnebre cortejo ejecutando una sentida marcha, la banda del Hospicio.

El brillante sexteto *Sanmartín* se situó en la Herrería enfrente al café Mendez Nuñez, esperando el paso del entierro. Allí se detuvo éste un largo rato, durante el cual dicha orquesta interpretó admirablemente la pieza titulada *La Muerte*, cuyas notas se escucharon en el más profundo silencio.

Volvió a ponerse en marcha la comitiva acompañando al cadáver hasta el antiguo cementerio, en donde tuvo lugar la despedida³⁸.

A finais deste mesmo ano de 1890 o Orfeón "*Los Amigos*", que aparece moi a miúdo vencellado co republicanismo, vai colaborar nos actos organizados polo Comité e pola Xunta do Centro Republicano pontevedrés en louvor do avogado, gran filósofo e xornalista Indalecio Armesto, destacado membro do partido, quen falecera o 22 de febreiro dese ano. O acto celebrouse coincidindo co Día dos Defuntos perante a tumba do pensador galego, e na homenaxe léronse traballos enviados por distinguidos homes públicos republicanos e compañeiros na prensa. Entre os asistentes ao acto figuraba Carlos Valle:

En Pontevedra, con motivo de la conmemoración de los difuntos, se ha celebrado una manifestación de simpatía á la memoria del inolvidable filósofo y periodista insigne Indalecio Armesto.

El presidente del partido republicano pontevedrés, Sr. Paz, pronunció con emoción un breve y sentido discurso, en el que elogió los merecimientos del correligionario consecuente.

Después, el mismo Sr. Paz dió lectura á trabajos de D. Juan Manuel Paz y del Sr. Ginard de la Rosa; el Sr.

³⁸ Cf. *La Voz de Galicia*, 16-7-1890, p. 1.

Valle leyó otros de los señores Salmerón, Ossorio y Gallardo y Esperón; el Sr. Couto Salcedo uno de que es autor; el Sr. Piqué un artículo del Sr. Murguía y D. Renato Ulloa una poesía.

El orfeón "*Los Amigos*", dirigido por el señor Pintos, cantó con mucha expresión y de manera acabada la *Stradella*³⁹, poniendo término al acto, que resultó severo y sentido.

Los amigos del Sr. Armesto distribuyeron entre los pobres de la capital sinnúmero de bonos por valor de media peseta⁴⁰.

Os traballos en prosa e en verso lidos perante a tumba de Indalecio Armesto foron publicados baixo o título de "*Homenajes dedicados a la memoria del profundo filósofo y eximio escritor Indalecio Armesto, con motivo de la manifestación celebrada en su honor el día 1º de Noviembre de 1890 en el cementerio de disidentes [sic] de esta capital*", libro en que Carlos Valle, que asina como C. Valle, colabora cunha poesía (pp. 65-66) que leva por título "*A I. Armesto*"⁴¹:

A I. Armesto

Poeta, si en el no ser
hay un recuerdo de ayer
y una gloria como aquí;


³⁹ Coido que a pregaría de Alessandro Stradella *Pietà Signore* non se debeu cantar perante a tumba de Indalecio Armesto no cemiterio de disidentes por razóns obvias, non descartando que interpretasen algunha outra obra de carácter non relixioso, mesmo *A Marsellesa*. Era costume dos republicanos pontevedreses louvar aos seus correligionarios na mesma data que a Igrexa Católica lembraba os seus defuntos: "Terminada la visita al cementerio de disidentes, la comitiva [republicana] se encaminó al católico y civil para render igual tributo á los restos de sus queridos correligionarios allí inhumados" (*La Gaceta de Galicia*, Santiago, 3-11-1892). O *Pietà Signore*, pregaría obrigada naquel tempo, pregaría que se cantou nas honras fúnebres de grandes poetas galegos como Rosalia de Castro, Curros Enríquez ou Eduardo Pondal, debeu ser cantada por "*Los Amigos*" no camposanto católico onde a visita a Andrés Muruais era obrigada.

⁴⁰ Cf. *La República* (Diario Federal), Madrid, 7-11-1890, p. 3.

⁴¹ Este libro, de 78 páxinas en 8º francés, foi edi-

detras de ese firmamento,
conságrame un pensamento
como el que tengo de tí.

Zorrilla



tado pola Imp. de Luis Carragal y Puga en Pontevedra entre o 1-11-1890 e o 11-1-1891, data en que achamos a primeira noticia da súa publicación (na prensa consultada non aparece o título da obra). A lectura do exemplar vén demostrar que esta colaboración –que reproducimos– corresponde a Carlos Valle, compañeiro na prensa de Indalecio Armesto, e non a seu irmán Ramón como hipoteticamente se ten suposto. Porén, Francisco Charlín e Gonzalo Allegue, no prólogo da súa edición de *Escenas gallegas*, de Carlos del Valle-Inclán (Asociación Amigos de Valle-Inclán, Vilanova de Arousa, 2002), xa sinalan acertadamente a Carlos como o autor de esta colaboración (véxase a p. 17).

Nos primeiros días de marzo de 1890 reuníranse na sociedade Recreo de Artesanos, de Pontevedra, poetas e literatos da cidade, entre os que se atopa Carlos Valle, que días antes fora nomeado profesor auxiliar do Instituto de segundo ensino, asignado a sección de letras –Ramón nesas datas aínda está en Santiago– co obxecto de acordar a forma de celebrar unha velada organizada por ese centro á memoria de Indalecio Armesto, acto que ten lugar o domingo 16 dese mes e en

Pudo, guerrero brioso,
perecer en la demanda,
rindiendo la noble frente
á la segur despiadada;
pudo hallar cárcel estrecha
en la fosa solitaria ...

Pero hay algo que respeta
en sus furores la parca,
y del fondo de la tumba
fulgor misterioso lanza...
El genio, sello divino
que Dios en la frente grava.

Hay algo que en el espacio
agita las níveas alas,
y siglos y siglos cruza
en vertiginosa marcha...
La gloria, que sobrevive
como sobrevive el alma.

Llegad con paso suave
á la mansión que le guarda
y derramad silenciosos
tributo amargo de lágrimas,
y entretejed con laureles
sobre la tumba guirnaldas.

Pero no turben su sueño
los ecos de vuestras harpas...
Dejadle dormir tranquilo
que las penas no se cantan;
hay alma para sentirlas!...
hay ojos, para llorarlas!...

Pero no turben su sueño
los ecos de vuestras harpas...
Dejadle dormir tranquilo
que las penas no se cantan;
hay alma para sentirlas!...
hay ojos, para llorarlas!...

C. Valle

O orfeón “*Los Amigos*” desaparece en

que se leron traballos en prosa e en verso de Renato e Torcuato Ulloa, Carlos Valle, Anciles, Martínez, Luis, Pena, Valcárcel, Fernández Soler e Mosquera (vid. *El Regional*, Lugo, 11-3-1890, p. 2; 12-3-1890, pp. 2-3, e 20-3-1890, p. 1).

1891 e os seus membros pasan a formar parte de *Los Trovadores*, nova sociedade coral continuadora da tradición orfeonística pontevedresa iniciada por Andrés Muruais.

Aínda que non posuímos información ao respecto, non parece aventurado afirmar que tras a morte de 'Simeón Julepe' no incendio da ferraría, o orfeón "*Los Amigos*" acompañaría ao cemiterio de disidentes ao seu compañeiro, onde sería soterrado ao sons da Marsellesa. Logo pasaría ao camposanto onde, diante da tumba de 'Floriana', interpretaría o *Pietà Signore*, de Stradella.

O Orfeón "*Los Amigos*", unha das sociedades corais máis destacadas do seu tempo en Galicia quedou, pois, inmortalizado mercé á maxistral pluma de Ramón M.^a del Valle-Inclán nunha das súas máis fermosas obras, o melodrama para marionetas *La rosa de papel*.